

Data	09/06/2021		
Lugar	Salón de Actos do Edificio Administrativo do Auditorio “Mar de Vigo” Andar 4ª, Avda Beiramar nº 59		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	20:05h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidente, Gorka Gómez Díaz • Vicepresidente, Antonio Vázquez Vázquez • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Santiago Rodríguez Sánchez • María del Pilar Alonso Gil • Miguel Ángel López González • Yolanda Benito de Tapia • Juan Ignacio Herrero Álvarez - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • Mª Bertila Fernández Pérez • Pedro Xosé Castañón Valls • Yolanda González Larrañaga • Joel Covelo Gallego • Egoitz Rivas Ibarretxe - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Pilar Álvarez Rey • Raquel Pérez Fernández • Antonio Vázquez Vázquez • Óscar Álvarez Gallego 		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> • Representante da Administración Educativa: Antonio Estévez Rodríguez • Sector docente: Verísimo Fernando Pazos Pereira • Sector docente Tania Alonso Soto • Sector docente: Xoan Xosé Santos Costa • Sector usuarios: Iria Salvande Lorenzo • Sector usuarios: Sergio Pico González • Sector usuarios: Zerihum Luis Feijoo 		



	<ul style="list-style-type: none"> • Sector social: María Aurora Alonso Suárez de Miera • Sector social: Isabel López Lorenzo • Sector social: Antonia Céspedes Balongo
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Sector docente: Leonor Gala Torres Sabín • Sector docente: José Manuel Pérez Rodríguez • Sector usuarios: Leticia Caldas Filgueira • Sector usuarios: Alfonso Otero Guinea • Sector social: José Manuel Rodríguez Lago • Sector social: Eladio Fernández Pérez • Sector social: José Álvarez Carpintero
Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila_Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV.

Orde do día

- 1.- Aprobación da acta anterior, se procede.
- 2.- Informe da Presidencia do CEMV.
- 3.- Informe da actividade das comisións de traballo do CEMV.
- 4.- Propostas de mocións:
 - 4.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a matriculación do alumnado NEAE.
 - 4.2.- Proposta de Egoitz Rivas Ibarretxe, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a creación dunha nova comisión de traballo, a Comisión do Alumnado.
 - 4.3.- Moción de Antonia Céspedes Balongo, Conselleira polo sector social, representante dos centros de ensinanzas artísticas, a través da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre o entorno do CMUS Profesional de Vigo.
 - 4.4.- Moción de Antonia Céspedes Balongo, Conselleira polo sector social, representante dos centros de ensinanzas artísticas, a través da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre a adscrición da ESAD á Universidade de Vigo.
 - 4.5.- Moción de Antonia Céspedes Balongo, Conselleira polo sector social, representante dos centros de ensinanzas artísticas, a través da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre a construción das fases 2 e 3 da ESAD.

2



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 14/12/2021 11:36

Páxina 2 de 26

24898-332

CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4.6.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a insuficiente oferta da FP en Vigo.

4.7.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a insuficiente oferta de prazas de E.S.O. e Bacharelato en Vigo.

4.8.- Moción de Iria Salvande Lorenzo, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre os accesos ao CEIP Párroco don Camilo.

4.9.- Moción de Iria Salvande Lorenzo, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a contorna do IES Álvaro Cunqueiro.

4.10.- Moción de Iria Salvande Lorenzo, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dun parque na estrada Clara Campoamor.

5.- Preguntas e xustificacións

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Aprobación da acta anterior, se procede.

Procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da Xuntanza Plenaria do 24 de marzo de 2021.

2.- Informe da Presidencia do CEMV.

O Presidente dá conta dun cambio nos representantes do CEMV. Rafael Lestón Vázquez (FSIE) deixa de ser representante do sector docente e substitúeo, segundo nos comunica FSIE, Yolanda Benito de Tapia.

Pasa a continuación a facer un repaso das últimas mocións que se levaron ao Pleno para dar conta das noticias que se teñen sobre elas tras telas enviado ás institucións competentes en cada caso.

En canto a **Moción sobre a zonificación escolar e a creación dun IES en Navia** comenta que se enviou ao Conselleiro, ao Xefe Territorial e á Delegada da Xunta e non se obtivo ningún tipo de resposta. O Presidente lembra que estes son dous temas que levan anos demandando e que non conseguen que resposta. Di que, no que respecta ao Concello, no



ano 2020 fixo unha proposta de colaboración para a construción do IES en Navia, nese documento púñase á disposición da Xunta un terreo de máis de 2000 metros cadrados e ata o día de hoxe non hai resposta por parte da Xunta. Di que no Pleno Municipal xa se presentaron unhas tres ou catro mocións relativas a este tema xa que pensan que é unha infraestrutura tremendamente necesaria pero non obteñen resposta, en todo caso informa de que seguirán insistindo.

En canto ás mocións solicitando un **estudo de renovacións e/ou ampliacións dos sistemas de calefacción dos centros escolares** e sobre **a necesidade de garantir unha atención educativa na casa de calidade** comenta que tamén foron remitidas á administración competente e que lamentablemente tampouco tiveron resposta pola súa parte.

Sobre a moción que presentou Antonia Céspedes solicitando **a vacinación do persoal docente e administrativo dos centros de ensino artístico municipal de ensinanza non regrada** informa de que si houbo resposta da Consellaría de Sanidade, en concreto da Subdirectora Xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía, na que indicaba que en Galicia se segue unha estratexia de vacinación común, seguindo o criterio da maior ou menor vulnerabilidade dos grupos de poboación. Explica que as doses son limitadas e que se estableceron os grupos prioritarios neste momento en relación coa idade, polo que o persoal dos centros de ensino artístico se vacinarán segundo lle corresponda en relación coa idade. E que en canto reciban máis vacinas, se acelerará o proceso de vacinación por grupos de idade.

Sobre a moción que presentou o alumnado **acerca das actividades de ocio para a mocidade**, o Presidente explica que se trasladou a varios departamentos municipais do Concello. Tiveron resposta desde o Servizo de Administración Electrónica que leva Patricia Rodríguez Calviño que están traballando na APP VIGO. Esta é unha ferramenta que entre outras cousas lle ofrece á cidadanía en xeral un sistema de axenda completo onde pode consultar toda a oferta de actividades que se fan na cidade. Explica que desde este departamento ofertaron a posibilidade de incluír un apartado específico para a mocidade onde se incorporase información de actividades do seu interese. Desde este departamento están abertos a todo tipo de suxestións que poidan facer desde este grupo do alumnado para incorporalas na APP VIGO. Tamén respondeu a esta moción a Concellaría de Deportes, que nós enviou un listado de tódolos eventos e actividades que organiza para mozos e mozas da cidade. Desde esta Concellaría están tamén abertos a que se lles faga chegar calquera suxestión por parte do alumnado.

Outra moción que se aprobou no Pleno anterior foi acerca da **EEI Santa Marta**. Sobre isto o Presidente explica que se aprobou o 22 de marzo a oferta de prazas na rede de EEI Municipais, ofertándose 702 prazas para o curso 21/22. Acaba de publicarse a lista de admitidos e aínda que a demanda foi alta, este ano notaron un baixón con respecto aos anteriores debido a un descenso da natalidade. Explica que a necesidade de prazas é máis alta polas mañás que polas tardes e que se cubriron practicamente tódalas prazas, quedando algunhas baleiras pola tarde. Xa no relativo á EEI Santa Marta, informa de que ao final



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 4 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

abriron a matrícula a etapa 0-1 e que no resto das etapas ofreceuse a renovación do alumnado xa matriculado. Comenta que só houbo unha familia que non quixo renovar e pediron o traslado a Bembrive. En canto ás obras da nova escola infantil que se fará no edificio do IME, explica que xa está enviado á Xunta o proxecto e que xa están a traballar na parte técnica para licitar canto antes esa obra e que cando esta estea feita, se trasladará ao alumnado de inmediato. Como dato curioso comenta que a EEI de Tomás Alonso foi a 3ª con máis demanda, o cal quere dicir que os alumnos que tiñan intención de matricularse na EEI Santa Marta son do entorno próximo de López Mora, Pi y Margall, Torrecedeira. Isto pon de manifesto que a nova ubicación é boa para o futuro da EEI Santa Marta.

En canto á nova EEI de Bembrive, comenta que xa está cuberta unha liña completa de 3 aulas máis unha segunda aula de 1-2, e di que están agardando polas reservas en segunda opción, que posiblemente se acabe abrindo unha aula máis. É probable que ao final se encha, e pase algo parecido ao que pasou con Saiáns, que cando se abriu, probablemente por descoñecemento das familias ou pola ubicación, costou que se enchera pero que agora se cubre sempre a quenda da mañá. Bembrive está no entorno da Universidade, do Hospital Meixoeiro e da zona comercial que hai próxima, é seguro que moitas das familias que traballan neses lugares se acabarán beneficiando desta escola.

En canto á moción que solicitaba o **aumento da asignación para a autoxestión**, explica que na Xunta de Goberno Local do 12 de marzo se aprobou este programa que lles dá aos centros educativos da cidade maior autonomía para que poidan facer as obras de forma directa e máis áxil. En canto ao aumento dese diñeiro de cara ao curso que vén, di que se pode valorar pero que hai que buscar un equilibrio, xa que este sae da partida que o Concello ten para obras nos centros educativos. Desa mesma partida sae o diñeiro que o Concello inviste en obras moi necesarias que os Centros solicitan, e que o Concello acomete aínda que non son competencia propia: cambios de baños, arranxo de patios, cubertas nos patios, acondicionamento de zonas deportivas,... A maior parte destas obras que fixo o Concello o ano pasado eran de competencia autonómica, xusto o 65%, pero a Xunta non atende ás demandas dos centros. Se o fixera, o Concello podería destinar máis diñeiro á autoxestión, pero ao non ser así hai que buscar un equilibrio. Di que el ten levado ao Pleno municipal moitas mocións instando á Xunta a facer unha reforma integral nos Centros Educativos, pero que polo de agora non houbo resposta, así que el vai seguir insistindo. Lembra que xa se fixo un ofrecemento á xunta de facer unha mellora integral aportando o Concello 10 millóns de euros e a Xunta outros 10 pero que non aceptaron o ofrecemento. Aproveita para dar conta dalgúñas obras importantes que se van levar a cabo no que resta de ano, entre as que destaca a cuberta de patios dos CEIPs Pintor Laxeiro, Balaídos, Villa Laura e Friáns. Asemade explica que houbo un gasto extraordinario de desinfeccións por mor da COVID nos centros educativos, que foron 600.000€. Di que a través da FEGAM se está pelexando para que este gasto extraordinario en concreto o asuma a Consellería, xa que os Concellos teñen competencias en limpeza pero non en desinfección. Di que para moitos Concellos supuxo un grave problema económico, que por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 5 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sorte Vigo, que ten unha boa situación financeira o puido asumir, pero realmente a competencia non é municipal. Ademais fíxose unha adquisición de ordenadores, xa que había moito alumnado que non podía seguir as clases desde os domicilios por non teren equipos. Explica que neste punto tódalas administracións fixeron moitos esforzos, xa que a situación pillou a todo mundo desprevido e todos fixeron os esforzos necesarios para que os nenos e nenas puideran seguir as clases telemáticas. Quere aproveitar para destacar e agradecer publicamente o labor que fixo o profesorado e os equipos directivos dos centros, tanto durante o confinamento como neste curso tan complicado que agora remata. Di que foi un ano moi difícil, que todos eran pesimistas cando empezou o curso, e o resultado foi de sobresaínte, gracias ao seu traballo e tamén ao comportamento dos nenos e nenas que souberon adaptarse ás circunstancias, dándonos a todos unha lección.

Ademais dos PCS tamén se fixo adquisición de solucións hidroalcohólicas para reparto nos centros, subministráronse vallas para a separación de espazos nos centros educativos,... En definitiva, fíxose unha inversión que non estaba prevista pero que están seguros de que contribuíu a que todo fose mellor.

En canto á moción solicitando un **paso de peóns para o Martín Códax**, comenta que se enviou a José Miñones, Delegado do Goberno en Galicia, é á Subdelegada de Goberno, Maica Larriba, dos que aínda non se obtivo resposta. Como o Delegado de Goberno acaba de chegar, comenta que vai tratar de falar coa Subdelegada de Goberno persoalmente deste tema, a ver se se pode adiantar algo no Ministerio de Fomento, xa que como se comentou no anterior Pleno, esta estrada é de competencia estatal, e desde o Concello precisan autorización para pór ese paso de peóns semaforizado.

En canto á rede de saneamento do **IES Carlos Casares**, di que o estiveron vendo é que están en dúbidas, vai facer a consulta o Concelleiro de Fomento, porque parece que hai un problema de competencias.

Sobre a moción de **Vigo en Inglés**, explica que pretenden facer as edicións do 2020 e 2021 máis a do 2022 no ano 2022, de xeito escalonado. A idea é que o alumnado non perda esta experiencia a nivel académico e persoal tan importante e enriquecedora. Vai ser complexo facer as tres edicións xuntas pero o esforzo merece a pena.

Por último, comenta que se actualizou a web do CEMV e mostra en pantalla como quedaría a nova proposta, máis intuitiva, áxil e atractiva.

Óscar Álvarez, en relación ao comentado polo Presidente sobre o IES de Navia e o ofrecemento que se lle fixo á Xunta dun terreo, di que el mesmo estivo falando neses días co Xefe Territorial e coa Delegada da Xunta en Vigo é que lle comentan que de momento desde o Concello non lles ofreceu ningún terreo. Dixéronlle tamén que o Concello quere que a Xunta firme o convenio antes de que se faga a cesión e eles din que debe haber cesión de terreo primeiro. Gorka Gómez explica que o que quere o Concello é que firmen o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 6 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

compromiso de que van facer o IES en Navia. Di que o que non van facer é ceder os terreos e que logo non fagan nada con eles, como sucedeu co Centro de Saúde de Bouzas, que despois de que se cederan os terreos se esperou 14 anos por el. Óscar di que lle dixeron que eles xa teñen o diñeiro consignado nos orzamentos ao que o Presidente responde que non é certo, que nos orzamentos non hai nada, que a única proposta de IES que teñen é na rúa Lalín, onde están os xulgados. Óscar Álvarez di que el lle preguntou sobre ese tema e que lle dixeron que nunca empregarían o edificio do Xulgado en facer un instituto. O Presidente di que non entende nada porque foi a Presidenta do Partido Popular en Vigo, anterior Delegada da Xunta e que está na Comisión no Parlamento de Galicia, a que anunciou que se ía facer na rúa Lalín un IES, cousa que se denunciou desde o Concello, porque nin zonas exteriores para facer un patio tiñan. Óscar Álvarez di que a el lle dixeron taxantemente que non. O Concelleiro di que despois de escoitar iso, a proximamente que estea con Marta Fernández a vai invitar a que publicamente diga que non teñen idea de facer na rúa Lalín ese Instituto, e que o van facer en Navia. Explica que en febreiro de 2020 se enviou a proposta de protocolo para construír un centro de ensino secundario e nese documento se poñían a disposición unha parcela de 12.000m², que está na zona de Navia, ao tempo que se lle pedía que envasen as súas suxestións nun prazo de 15 días, e 1 ano e 3 meses despois aínda non contestaron. Yolanda González lembra que Antonio Estévez dixo en anteriores xuntanzas deste Pleno que si se ía a facer ese centro en Navia. Antonio Vázquez comenta que sobre esta cuestión hai varios temas que aclarar. Primeiro, este é un tema que se está arrastrando desde fai xa 6 anos, época da que hai un vídeo do Presidente da Xunta prometendo este IES en Navia. En canto aos orzamentos, que están no DOG e son públicos, pode verse como non hai diñeiro para esta obra. Explica que só houbo, dous anos atrás, 15.000€ para iniciar un estudo. Esta é unha película igual á da zonificación, que levan dando largas 6 anos e ninguén contesta. A Xunta se quere responder ata ten unha vía moi fácil, que ten a un representante neste órgano que é Antonio Estévez. Pensa que isto é un peloteo constante é que, como as cousas non cambien, non vai ter solución.

Rematado o debate, o Secretario informa de que se proseguirá coa orde do día.

3.- Informe da actividade das comisións de traballo do CEMV.

INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E PLANIFICACIÓN EDUCATIVA

Santiago Rodríguez presenta o informe da Comisión:

Foi este un curso marcado pola concentración de enerxías nas condicións a que obriga a situación sanitaria pós-confinamento, no que non obstante houbo que considerar unha grande variedade de problemáticas e necesidades. Os temas abordados por esta Comisión foron os que a seguir se enumeran, clasificados pola administración á que corresponden. Non podemos esquecer a reclamación formulada para o funcionamento conxunto de ambas

7



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 7 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

institucións, conxunción da que debe resultar a correcta prestación dos servizos á cidadanía.

- Administración municipal: EEI Santa Marta, nome do CEIP Virxe do Rocío, saneamento do IES Carlos Casares, seguridade viaria no Colexio Martín Códax, política referida á mocidade, solicitude de parque na Estrada Clara Campoamor, necesidade de melloras na contorna do IES Álvaro Cunqueiro, accesos ao CEIP Párroco Don Camilo, mantemento/renovación de calefaccións, actualización da asignación da autoxestión, contorna do CMUS profesional.
- Administración autonómica: Zonificación, creación do IES de Navia, mantemento/renovación de calefaccións, FP, falta de prazas escolares de ESO e Bacharelato, continuación do proxecto construtivo da ESAD e a súa adscrición á universidade.

INFORME DA COMISIÓN PEDAGÓXICA E DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Intervén agora M^a Bertila Fernández, que dá lectura ao informe da Comisión Pedagóxica:

Desde a Comisión Pedagóxica estamos comezando a sentar as bases das que serán as próximas xornadas do CEMV. Nesta ocasión, e a demanda do grupo do alumnado, pensamos centrar as xornadas na súa orientación académica e profesional, xa que se atopan nun momento no que deben elixir cal vai ser o seu futuro profesional e senten que encaran esta difícil tarefa con pouca información sobre as posibilidades que teñen.

Polo de agora estamos recompilando propostas, para poder artellar unha semana dedicada á orientación no curso 2021-22. Queremos pór en común as primeiras ideas co resto do Pleno para que nos axuden e fagan as achegas que consideren boas para levar esta iniciativa polo mellor camiño. As ideas que saíron nas primeiras xuntanzas foron:

- Charlas en horario matutino para centros educativos e en horario de tarde para alumnado interesado en xeral
- Convidar aos orientadores laborais cos que conta o Concello en emprego
- Convidar á Universidade para que dea unhas charla a través da Vicerreitoría de Captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria da Universidade de Vigo
- Presentacións de profesionais de diferentes sectores
- Solicitar visitas a empresas de Vigo e bisbarra
- Facer unha Feira da FP co apoio de Zona Franca
- Convite a todos os centros públicos de FP da cidade para que expliquen a súa oferta
- Solicitar xornadas de portas abertas nos centros de FP da cidade
- Solicitar implicación á Consellería a través do representante da Administración no Pleno



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 8 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Esta comisión aposta por un sistema educativo moderno e flexible que garanta tódolos dereitos do alumnado. Por iso, seguiremos a traballar para que se respecten os dereitos do alumnado NEAE e para que o sistema e o modelo se adapten ás necesidades deste alumnado en tódalas etapas educativas, obrigatorias e non obrigatorias. Con este fin presentaremos unha moción pedindo que se aposte pola educación inclusiva.

Por último, e para dar maior apoio e visibilidade ao alumnado neste Consello, presentaremos unha proposta solicitando que o Pleno aprobe unha comisión de traballo específica que aborde os temas que sexan de interese para a mocidade, a Comisión do Alumnado.

4.- Propostas de mocións:

O Secretario suxire que non se dea lectura literal a tódalas mocións xa que todos os membros as recibiron con tempo e as traerán lidas. O que pide é que se dean unhas pinceladas da moción e se proceda logo ao debate que pode ser o máis enriquecedor.

4.1.- Moción de Bertila Fernández Pérez, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a matriculación do alumnado NEAE.

O artigo 24 da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, recolle que “(...) os Estados parte asegurarán un sistema de educación inclusivo a todos os niveis, así como o ensino ao longo da vida (...). Ao facer efectivo este dereito, os Estados parte asegurarán que:

- *As persoas con discapacidade poidan acceder a unha educación primaria e secundaria inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais, na comunidade na que vivan.*
- *Se fagan os axustes razoables en función das necesidades individuais.*
- *Se preste o apoio necesario ás persoas con discapacidade, no marco do sistema xeral de educación, para facilitar a súa formación efectiva.*
- *Se faciliten medidas de apoio personalizadas e efectivas en entornos que fomenten ao máximo o desenvolvemento académico e social, de conformidade co obxectivo da plena inclusión.”*

O 29 de maio de 2018, o Comité das Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, publica un informe de conclusións sobre a vulneración do dereito á educación de nenos e nenas en relación ao seu cumprimento da citada Convención.

Logo de catro anos de investigación, o Comité, entre outras cuestións, considera que o Estado español debe:

1. *Definir claramente a inclusión e os seus obxectivos específicos en cada nivel de ensino.*



2. *Contemplan a educación inclusiva como un dereito e non só como un principio e que todo o alumnado con discapacidade teña o dereito de acceso ás oportunidades de aprendizaxe inclusivo no sistema educativo xeral, sen importar as súas características persoais con acceso aos servizos de apoio que se requiran.*
3. *Eliminar a excepción da educación segregada na lexislación educativa, incluíndo a avaliación psicopedagóxica e o ditame de escolarización.*
4. *Incluír unha cláusula de non rexeitamento para estudantes por razóns de discapacidade establecendo claramente que a denegación do axuste razoable constitúe discriminación.*

O certo é que, a día de hoxe, isto non se está a levar a práctica. É habitual que nas aulas haxa alumnado NEAE que non recibe os axustes necesarios, alumnado NEAE que non está atendido ou alumnado NEAE que é derivado a aulas específicas ou centros de educación especial, sen ser estas as súas opcións elixidas.

A educación inclusiva é un dereito, non só do alumnado con diversidade funcional, senón de todo o alumnado, pero para iso é precisa unha maior dotación de recursos humanos e materiais e un cambio de mirada a través da cal ver ao alumnado NEAE non como un lastre, senón como unha oportunidade de ensinar e de aprender de outras maneiras. A convivencia nas aulas vai facer das futuras xeracións unha sociedade mellor.

TEXTO:

Polo exposto, FOANPAS, solicítalle á Consellaría de Educación:

- Que aposte de maneira decidida pola educación inclusiva, tendo en conta que é un dereito, non un principio.
- Que dote aos centros docentes dos recursos necesarios para que realicen os axustes razoables precisos.
- Que elimine de maneira paulatina a educación segregada.

Bertila Fernández explica que desde Foanpas levan 29 anos consecutivos e de xeito permanente defendendo os dereitos do alumnado con NEAE e as portas lamentablemente sempre están pechadas. Ás familias non se lles recibe, e os escolares teñen moi difícil o día a día. Di que eles van a seguir loitando en tódolos foros que poidan para que isto non sexa así e que por suposto no Consello Escolar Municipal, que representa á toda a comunidade educativa da cidade, van facer sempre esta reivindicación.

Acordo

Apróbase a moción sobre a matriculación do alumnado NEAE con 12 votos a favor e 3 abstencións.



4.2.- Proposta de Egoitz Rivas Ibarretxe, Conselleiro polo sector usuarios/as, representante do alumnado, a través da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sobre a creación dunha nova comisión de traballo, a Comisión do Alumnado.

ANTECEDENTES:

De tódolos colectivos que participan no proceso educativo, o alumnado é o menos organizado e máis disperso de todos. Ademais notamos que a xuventude esta moi desinformada sobre todo o que ofrece o Concello e as Administracións relativo a ela. Con todo isto, a participación e interacción do alumnado cos órganos educativos vese moi dificultada.

TEXTO:

Tendo isto en conta e atendendo ao artigo 15.2. do Regulamento deste órgano, o alumnado **solicita a constitución da Comisión do Alumnado** no CEMV para facilitar a participación do deste grupo de poboación no proceso educativo.

O Presidente intervéñ para agradecerlle ao alumnado a súa implicación e para recalcar que esta é fundamental para o funcionamento deste órgano, xa que eles son a parte nuclear do sistema educativo. É fundamental que fagan achegas e teñan iniciativas e pensa que nada mellor que ter unha comisión propia para fomentar esa participación.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a creación dunha nova comisión de traballo, a Comisión do Alumnado.

4.3.- Moción de Antonia Céspedes Balongo, Conselleira polo sector social, representante dos centros de ensinanzas artísticas, a través da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre o entorno do CMUS Profesional de Vigo.

Presenta a Moción o Secretario xa que Antonia Céspedes escusou a súa asistencia.

ANTECEDENTES:

A continuación expoñemos a situación na que se atopa o espazo exterior do CMUS Profesional de Vigo

- Diante do Centro están plantadas unhas árbores demasiado altas, que desprenden moitas follas e cuxas raíces levantan o pavimento da beirarrúa.
- A entrada do Centro atópase nunha rúa con moito tránsito e con coches aparcados a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 11 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- ambos lados que limitan a visibilidade do paso de peóns.
- A entrada do aparcadoiro vese a cotío bloqueada por coches mal aparcados xa que non dispoñen de sinal de Vado Permanente a pesar de pagalo puntualmente tódolos anos.
 - As beirarrúas que rodean ao Centro están en moi mal estado, en parte debido ao crecemento das raíces das árbores que se atopan diante do Centro.

TEXTO:

Polo exposto, solicítase que se realicen as seguintes accións:

- Substituír as árbores que están mesmo diante do Centro por outras máis axeitadas ao entorno.
- Arranxar as beirarrúas
- Instalar un semáforo que permita cruzar de xeito seguro
- Colocar o sinal de vado permanente na entrada do aparcadoiro.

Santiago Rodríguez comenta que na xuntanza da Comisión de Equipamentos tamén se falou da necesidade de que se reservaran algunhas prazas de aparcamento diante do centro para poder deixar ao alumnado que chegase con instrumentos pesados, pero que non o incluíron na moción. O Presidente di que en todo caso se pode tomar nota tamén desa petición para que, no caso de que se faga unha actuación integral nesa zona, se teña en conta esa circunstancia. Di que lle dará traslado deste tema ás Concellarías de Fomento e Seguridade e Mobilidade.

Acordo

Apróbase a moción sobre o entorno do CMUS Profesional de Vigo por unanimidade.

4.4.- Moción de Antonia Céspedes Balongo, Conselleira polo sector social, representante dos centros de ensinanzas artísticas, a través da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre a adscrición da ESAD á Universidade de Vigo.

ANTECEDENTES:

A educación artística superior é fundamental para o desenvolvemento cultural dun país, e unha das súas funcións principais é impulsar a creación e a investigación no ámbito artístico profesional, mais tamén no pedagóxico e no comunitario. Ademais, e por todo o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 12 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

anteriormente dito, topámonos diante dunhas ensinanzas que podemos considerar coma motor de cambio, en canto a desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e na creatividade. Consideramos isto último, ao entender que as ensinanzas artísticas superiores desenvolven un ámbito creativo, con coñecementos aplicables aos intereses sociais e económicos dun país.

Para acadar estes obxectivos, as ensinanzas artísticas deben estar aloxadas nun marco legal que lles permita desenvolver programas e proxectos de investigación relacionados coas materias curriculares ás que se dedican, e que propicien unha óptima relación cos diferentes axentes sociais, culturais e económicos. Mais a súa febleza está precisamente no seu regulamento legal, pois o ensino artístico superior en España, tópase regulado principalmente pola Lei Orgánica de Educación (LOE) de 2006, no que está recoñecido como un “régime especial”. Desta maneira, aínda que superior, organízase de forma separada á universidade, que está rexida coa súa propia Lei e con pleno desenvolvemento da súa autonomía.

Esta eiva tentou salvarse no “RD 1614/2009 de ordenación de las enseñanzas artísticas”, o cal amosaba unha vontade clara de recoñecer o rango superior e o carácter universitario das ensinanzas artísticas superiores, mais unha sentenza do Tribunal Supremo de xaneiro de 2012, a favor de varias universidades, anulou o nome de grao para os títulos do ensino artístico superior e fixo que se tivera que recuperar o título superior de equivalente, co prexuízo e o agravio comparativo ocasionado ao alumnado matriculado no ensino artístico superior. A moi recente chegada da LOMLOE (Ley Orgánica de Modificación de la Ley Orgánica de Educación) tampouco ven a mellorar a situación, pois non deixa de considerar a titulación artística superior como equivalente. Por ese motivo, centros como a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, deben seguir aloxados baixo a nomenclatura de “enseñanzas especiais”, o que supón dun xeito práctico estar rexidos por unha lexislación moi pouco específica e que na maioría das veces acude á lexislación do Ensino Secundario para encher os baleiros aos que se ven sometidos pola falta de leis claras e apropiadas para o seu correcto desenvolvemento. Isto é debido a que os centros superiores de ensinos artísticos están supeditados á Administración educativa (a diferenza da universidade que ten recoñecida plena autonomía e un carácter xurídico propio), impedindo cumprir en parte o seu obxectivo de fomentar espazos de investigación que lles deberan ser propios e prexudicando seriamente ao seu alumnado, pois ao non ser considerado universitario, non accede aos beneficios (especialmente no ámbito internacional, así coma no referido a titulación, bolsas, axudas económicas de diversa índole, formación de posgrao, etc.), propios do ensino superior universitario.

TEXTO:

É por iso que solicitamos ás autoridades competentes, a adscrición da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia á Universidade de Vigo, como paso previo á súa incorporación á



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 13 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mesma, pois consideramos que é o xeito máis seguro de garantir os dereitos do alumnado e do profesorado, ademais de poder desenvolver as competencias vinculadas á investigación e creación, que un centro destas características debe realizar, para cumprir a súa función social como axente transformador e impulsor da cultura dun país.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a adscrición da ESAD á Universidade de Vigo.

4.5.- Moción de Antonia Céspedes Balongo, Conselleira polo sector social, representante dos centros de ensinanzas artísticas, a través da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa sobre a construción das fases 2 e 3 da ESAD.

ANTECEDENTES:

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, conta cunha edificación propia nunha parcela da Rúa Poza Cabalo, en San Paio de Navia, desde o ano 2010. O proxecto foi asinado no 2006 sendo promotora do edificio a propia Consellería de Cultura nunha parcela cedida polo Concello de Vigo e cun proxecto asinado por d. Santiago Catalán Tobía. O edificio que actualmente aloxa á ESAD de Galicia, é a primeira fase das tres deseñadas para aloxar as Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática.

Neste momento a construción das dúas fases pendentes, suporía tanto para a ESAD coma para o barrio de Navia e a cidade de Vigo un importante paso adiante en canto a fornecemento de espazos, pois dentro da fase dúas contémlase a construción dun teatro, imprescindible para a boa formación do alumnado e óptimo para realizar unha programación escénica continuada, que beneficiaría a toda a poboación.

Aínda que o apoio do Concello de Vigo está sendo absoluto con respecto á construción das fases 2 e 3 do edificio, as xestións feitas ate o de agora diante da Xunta de Galicia para o reinicio das obras, non deron o resultado positivo desexado.

TEXTO:

Polo exposto, solicítase Xunta de Galicia e ao Concello de Vigo, que sexan realizadas as fases dúas e tres do Edificio da ESAD de Galicia, para un correcto desenvolvemento da súa actividade lectiva, así como das actividades vinculadas á dinamización social, cultural e escénica, que implicarían á poboación de San Paio de Navia e por extensión a toda a cidade.

Acordo

14



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 14 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Apróbase por unanimidade a moción sobre a construción das fases 2 e 3 da ESAD.

4.6.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a insuficiente oferta da FP en Vigo.

ANTECEDENTES:

Superados, senón totalmente si en grande medida, anos dunha baixa consideración social dos estudos de Formación Profesional, existe un convencemento bastante xeneralizado que ditos estudos son unha ferramenta imprescindible para superar o alto índice de desemprego xuvenil que se vén acadando en España, en Galicia e na bisbarra de Vigo, especialmente agravado polas dúas crises - a dos 2007-08 e a derivada do Covid-19 - que temos sufrido no curto espazo dunha década.

Nos últimos anos este Consello, diante das propostas e suxestións de colectivos de distinta índole de ámbito laboral, veciñal, educativo, empresarial, presentou mocións instando ás autoridades educativas autonómicas da imperiosa necesidade de ampliar a oferta educativa da oferta de F.P. na cidade de Vigo e na súa área metropolitana, visto que curso tras curso a oferta era amplamente superada pola demanda en determinadas familias profesionais e vista tamén a preocupación de determinados sectores empresariais que a duras penas conseguían cubrir as súas plantillas.

Neste ano estase a programar a próxima posta en funcionamento dos Cursos de Especialización de Formación Profesional (chamados, comunmente, másters), estudos pensados para o estudantado que xa ten un título de F.P. e que quere continuar a súa formación para adquirir uns coñecementos e unhas habilidades especializadas nalgún dos Eidos que abranguen os seus estudos.

TEXTO:

Por todo o referido, este Consello Escolar considera que debe instar a Consellería de Educación a:

1º.- Estudar e aprobar, previa consulta cos organismos implicados e coñecedores das necesidades de emprego na cidade e na súa bisbarra, unha oferta ampla e suficiente de cursos de F.P. Básica, Ciclos de Grao Medio, Ciclos de Grao Superior e de Cursos de Especialización das distintas Familias Profesionais que compoñen a Formación Profesional,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 15 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contemplando o posible desdobre de ciclos. Esta ha de facerse atendendo á demanda existente, diversificando a oferta e completando as familias profesionais cando menos na bisbarra.

2º.-Diante da progresiva inserción nestes estudos das Novas Tecnoloxías, da Robótica, da Dixitalización etc, sería necesaria a potenciación dun programa integral que facilite realmente a formación continua e específica do profesorado de Formación Profesional.

ANEXO I: OFERTA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA OS CURSOS 2020-21 E 2021-22 EN A CORUÑA E VIGO

OFERTA DE F.P.	A CORUÑA		VIGO	
	21/22*	20/21	21/22*	20/21
ORDINARIA PÚBLICA	119	101	82	77
ORDINARIA PRIVADA	--	25	--	59
ADULTOS PRESENCIAL CICLO COMPLETO	22	--	35	--
ADULTOS PRESENCIAL MÓDULOS SOLTOS	14	34	9	39
ADUL SEMIPRESENCIAL-DISTANCIA CICLO COMPLETO	11	--	5	--
ADULTOS SEMIPRESENCIAL-DISTANCIA MÓDULOS SOLTOS	3	11	4	6
F.P. DUAL	--	6	--	9
CURSOS ESPECIALIZACIÓN	--	0	--	1

*Oferta provisoria para o vindeiro curso 21-22.

En A Coruña inclúese a oferta da Universidade Laboral que se sitúa en Culleredo.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a insuficiente oferta da FP en Vigo anexando os datos da oferta de A Coruña e Vigo.



4.7.- Moción de Antonio Vázquez Vázquez, Vicepresidente do CEMV a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a insuficiente oferta de prazas de E.S.O. e Bacharelato en Vigo.

ANTECEDENTES:

Nos últimos cursos académicos distintos estamentos que conforman a Comunidade Educativa da cidade de Vigo e este mesmo CEMV veñen facendo fincapé na necesidade de ampliar a oferta educativa nos niveis de Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional dado que a demanda de prazas superaba á oferta.

Pois ben, das cifras provisórias – porque aínda falta a resolución definitiva pendente de resolver as reclamación presentadas ás listaxes e pola negativa dos IES de Coruxo-Carrasqueira e de Teis a facilitar ós datos-- do proceso de matriculación para o curso 2021-22 derivan as seguintes cifras globais:

- A.- No 1º curso da ESO: a demanda oferta supera á oferta en 16 prazas.
- B.- No 1º curso de Bacharelato de Ciencias: a demanda supera á oferta en 90 prazas.
- C.- No 1º curso de Bacharelato de Humanidades: a demanda supera á oferta en 58 prazas.
- D.- No 1º curso de Bacharelato de Artes: o déficit de prazas é de 26.
- E.- No 1º de curso Bacharelato de Artes (modalidade de música e arte escénicas): faltarían 3 prazas.

Por outra banda, dunha breve análise da distribución xeográfica das zonas da cidade nas que a falta de prazas é maior, podemos concluír que se situaría no eixe Travesas-Coia-Navia.

TEXTO:

Por todo instamos á Consellería de Educación e Universidade a:

- 1.- Tomar ás medidas necesarias para ampliar a oferta no vindeiro curso académico.
- 2.- Retomar sen dilacións o proceso que conduza á aprobación dunha zonificación que remate coas dificultades de escolarización que se veñen producindo nos últimos cursos académicos.
- 3.- Que se afronte con carácter inmediato á construción dun IES en Navia

Antonio Vázquez comenta que nos datos que se dan na moción pode haber variacións con respecto á 1º da ESO. Na moción fálase de 16 persoas que quedan sen praza pero en principio eran máis, eran 48. A Consellería fixo modificacións, pero como aínda non o comunicaron por escrito non está moi claro. En principio plantexábanse 2 unidades de 1º da ESO no IES de Teis, co cal non había problema de prazas. Despois dixeron que en vez de 2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 17 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

unidades ía a haber 1, pero agora parece que volven a haber dúas. Se é así, quedarían sen praza 16 alumnos, se só hai unha unidade, quedarían fóra 49 alumnos. Ademais quere recalcar os picos de máis alumnado sen praza neste momento por centro. No IES do Castro hai 36 alumnos de 1º de Bacharelato de Ciencias que quedarían fóra, no IES San Tomé quedarían 35 fóra e no Castelaio 30. Di que só hai prazas para 1º de Bacharelato de Ciencias e de Humanidades en Teis, na Guía, no Ricardo Mella e en Beade, e neste último en 1º de BACH. de ciencias só hai 2 prazas vacantes. Por todo o exposto é polo que se presenta esta moción, e incídese unha vez máis na zonificación, que é a única solución posible e na construción do IES de Navia, que é absolutamente necesario. De feito explica que no IES Valadares, que era a onde estaban derivando ao alumnado de Navia, na previsión de prazas hai 10 alumnos que quedaron fóra.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a insuficiente oferta de prazas de E.S.O. e Bacharelato en Vigo.

3.8.- Moción de Iria Salvande Lorenzo, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre os accesos ao CEIP Párroco don Camilo.

Iria Salvande escusou a súa presenza no Pleno así que Pedro Xosé Castañón, compañeiro de Foanpas, defenderá as súas mocións.

ANTECEDENTES:

O **CEIP Párroco Don Camilo** padece un problema crónico derivado do deficiente acceso a este centro educativo. Problema que se está enquistando polos continuos desencontros coa con algúns veciños da contorna.

O complicado do actual acceso ás instalacións do **CEIP Párroco Don Camilo** motiva que os autobuses escolares non podan chegar ata o propio centro. Vense na obriga de estacionar na entrada do camiño e que o alumnado (entre o cal se atopan crianzas con necesidades educativas especiais, discapacidade motórica...) baixe e complete o percorrido andando. Nos numerosos días de choiva estas crianzas chegan cunha boa molladura ao interior do recinto.

No devandito camiño, longo e afastado do colexio, atópanse ademais as casas da veciñanza. Neste extremo está a orixe dun foco de inseguridade posto que parte desa veciñanza non respecta as horas de chegada e marcha do alumnado. Entran e saen cos automóviles moitas veces sen observar as precaucións que require unha contorna escolar ocasionando situacións de clara inseguranza viaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 18 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Esta circunstancia vese agravada por unha serie de condutas reiteradas:

- Faltas de respecto ás mestras que están prestando axuda nas entradas/saídas e, asemade, aos condutores.
- Realización de gravacións e fotos a profesorado e alumnado sen respectar os dereitos das crianzas á protección da súa imaxe.

A comunidade educativa do CEIP Párroco Don Camilo (equipo directivo, Consello Escolar, ANPA) leva reclamando un novo acceso dende hai xa moitos anos. Consta a existencia dun proxecto feito polo Concello de Vigo que non foi executado por desavenencias coa Xunta de Galicia (semella que non aceptaron que a obra fose desenvolvida pola lei Vigo).

Con posterioridade o centro foi informado de que o nomeado proxecto pasaba a formar parte dun Plan de Infraestruturas co gallo de poder realizalo doutro xeito e así sortear a negativa por parte doutras administracións. Nestes intres atópase en fase de revisión e redacción mais non se comunica ningún compromiso ou data orientativa de finalización e posta en marcha.

Noutras verbas, a solución é adiada sine die cando se trata dunha obra estruturalmente pequena.

TEXTO:

Polo tanto dende **FOANPAS** demandamos que este novo acceso vaia adiante sen máis adiamentos e que dende o concello avalíen con seriedade a problemática coa que este centro está loitando día tras día: inseguridade dos alumnado, molladuras, insultos e gravacións aos menores sen autorización.

Pilar Álvarez intervén para dar a súa opinión como Directora deste centro. Di que os problemas coa veciñanza sucédense case cada día, e que se están dando feitos moi graves. Explica que tiñan unha reunión o día 3 co Alcalde pero que os chamaron do Concello e que se desconvocou a xuntanza sen darlles moitas explicacións. O único que lles preguntaron é se tiñan dispoñibilidade para facer a reunión se os chamaban dun día para outro e ela dixo que ata se a chamaban de media hora para outra, que o problema é moi grave e hai que tratar de solucionalo xa. Di estar cansa das promesas incumpridas acerca deste tema, parece que xa hai un proxecto listo para solucionar o problema urbanístico da zona pero non sabe porque motivo non se lle dá para adiante. Explica que ademais dos problemas cos veciños, teñen problemas con ratas, e os nenos teñen que lidiar continuamente con isto. Di que nese mesmo día un veciño amenazou con pasar co coche por encima dos 200 nenos e pais e avós que saían do Centro. Un neno de 3 anos escapou da man da nai para coller unha flor e estivo a punto de levalo co coche por diante e aínda por encima a nai tivo que ir a desculparse con el, cando esa nai o único que estaba facendo é saír co seu neno do Centro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 19 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Ese veciño só tiña que esperar 5 minutos, que é o que tardan en sacar aos nenos e metelos no autobús, pero non lles dá a gana. Un señor que está xubilado e a priori non ten ningunha prása, pero que decide que el quere entrar na súa casa ás 14:00 porque ten dereito a facelo cando queira. E si é certo que está no seu dereito, pero debería saber que ten que convivir cun centro e que se entre todos e todas colaboran non se teñen porque dar estes conflitos. Di que ten unha carta dun avogado con ameazas dunha persoa na que lle din que ten que desdicirse das acusacións de que gravou ao alumnado xa que ela non foi. A Directora di que ela non acusou a ninguén directamente, que a persoa que estaba gravando sabe quen foi, que estaba ao seu lado e díxolle que non o podía facer. Insiste en que o problema é extremadamente grave e que se dan unhas situacións que son terribles, incluso o ambiente está crispado entre a comunidade educativa do centro. Comenta que levan dicíndolle desde fai 6 anos que xa se vai solucionar pero que non se fai nada.

Óscar Álvarez neste punto solicítalle ao Concelleiro de Educación que fale coa Concellaría de Seguridade Cidadá para que polo menos 10 minutos antes e despois da saída e entrada do alumnado houbera alí unha patrulla da Policía Local, porque un día vai a haber un desgusto que se podía ter evitado, e logo a culpa non é de ninguén. Pilar Álvarez di que a Policía pasou dous días. Nun estiveron falando cos veciños e indagando a ver que pasaba e o día seguinte os veciños que estaban en preaviso xa non saían, e a patrulla miraba e xa nin saían do coche. En canto deixou de vir a Policía pois volveron os conflitos. Di que ese mesmo día unha veciña quixo entrar e como estaban os autobuses en batería, parou o coche no medio do camiño e non quedaba espazo apenas para pasar os 200 nenos entre o autobús e o coche.

Gorka Gómez comenta que aquí hai varios temas enriba da mesa. Por un lado está o mal comportamento dalgún dos veciños que está a provocar situacións violentas, que son totalmente reprobables, pero este problema de convivencia e lamentablemente se os veciños non poñen da súa parte sempre vai estar aí. O que ten que facer o Concello é buscar solucións e estas pasan por mellorar os accesos. Por outro lado está o tema da xuntanza co Alcalde que se aprazou e que case seguro que foi por un tema de axenda de última hora, xa que o Alcalde é moi raro que cancele unha xuntanza. Di que está seguro que chamarán en breve ao Centro para falar desta cuestión porque o proxecto dos accesos fai tempo que está elaborado. Explica que no seu momento a Xunta de Galicia impediu que se puidera levar a cabo, pero que llo explicarán todo na xuntanza. Di que tanto a Concelleira de urbanismo como o Alcalde como el mesmo están convencidos de que os accesos hai que melloralos. En canto ao que comenta da Policía Local, di que se fixo un protocolo para que estean presentes nas entradas e saídas dos centros, pero que ao mellor hai que reforzalo neste centro e que haxa máis presenza nas horas conflictivas. Pídelle á Directora que logo lle diga cales son esas horas para que el llo pase á Concelleira de Seguridade Cidadá. Di que non se poden ter patrullas dispoñibles 2 horas nun só centro pero que nos que teñen conflitos de tráfico inténtase que haxa máis presenza policial.

A Directora o que pide é que se avance co tema, porque levan así xa demasiado tempo e é un problema gravísimo. Comenta que ademais dos problemas coa veciñanza e os accesos,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 20 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

no camiño hai ratas que veñen dunha obra próxima. Comenta que disto xa avisou ao Concello e que llo pasaron ao Departamento que fai as desinfeccións, pero que non apareceu ninguén aínda. Espera que non pase coma co niño de velutinas, que ata que 3 nenos non foron ao hospital, alí non apareceu ninguén. Lamenta o total abandono que senten. Gorka Gómez di que lle lembrará á Concelleira de Medio Ambiente que teñen que acudir ao centro canto antes, pero se foi o luns cando o notificou e están a mércores, aínda están dentro dos tempos de demora normais. Explica que é un servizo con moita demanda, pero que seguro que ao longo da semana se pasarán porque esa mesma tarde vai falar coa Concelleira. Pilar Álvarez comenta que de quen non recibiron ningunha resposta aos escritos que mandaron foi de Seguridade Cidadá, que polo centro non apareceu ninguén nin recibiron chamada algunha. O Concelleiro explica que si estiveron alí, porque el mesmo falou co encargado do Servizo de Mobilidade e que lle chegou a ensinar uns planos con fotos, zonas marcadas, previsións,... e estiveron falando da complexidade de actuar nesa zona. Di que igual non foron ao centro pero si estiveron vendo os accesos. De tódolos xeitos falará de novo con eles acerca deste tema para acelerar o tema e que haxa máis presenza policial.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre os accesos ao CEIP Párroco don Camilo.

3.9.- Moción de Iria Salvande Lorenzo, Conselleira polo sector usuarios/as, representante da Foanpa, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a contorna do IES Álvaro Cunqueiro.

ANTECEDENTES:

A ANPA Merlín (IES Álvaro Cunqueiro) leva máis de 2 anos reclamando sen éxito ao Concello de Vigo a reparación e acondicionamento da contorna da rúa Porriño (tanto das beirarrúas coma do propio vial).

As beirarrúas da nomeada rúa do barrio de Coia presentan arestora un estado deplorable. Aparte de seren moi estreitas (as humanizacións ata alí non chegaron) atópanse completamente destruídas e levantadas por causa do tráfico pesado que transita pola zona (camións, autobuses, etc).

Esta situación, a maiores, vese agravada por outras dúas circunstancias colaterais. Por un lado, resulta necesaria a instalación dunha marquesina para a parada do autobús escolar. Polo outro, hai un paso de peóns nas inmediacións que xa ten ocasionado varios sustos, con dous atropelos incluídos, dado que é habitual que moitos vehículos non cedan o paso ao circular por el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 21 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Hai tempo que a ANPA ven tratando de abordar este problema co concello con escaso éxito ata agora. Para sermos concretos levan dende hai xa 2 cursos reclamando tanto o asfaltado e pintado coma o resaltado do paso e a sinalización horizontal. Contactaron directamente coa Alcaldía e logo foron derivados sucesivamente a Fomento, Electromecánicos e Educación (falando co Concelleiro).

Dende o propio IES a directora tamén ten reclamado a mellora da iluminación e máis a presenza da Policía Local nas entradas e saídas.

O único que teñen acadado é o troco de luminarias no lado contrario ao onde está ubicado o instituto porque na parte máis próxima nin sequera hai.

Nin o conxunto da veciñanza da contorna nin tampouco a ampla comunidade educativa do IES Álvaro Cunqueiro (cunha cifra de alumnado arredor dos 600 e máis profesorado e persoal non docente) merecen o padecemento de transitaren día tras día por unhas corredeiras impropias da primeira cidade da Galiza.

TEXTO:

FOANPAS, na representación da nosa ANPA federada do **IES Álvaro Cunqueiro (ANPA Merlín)**, insta ao Concello de Vigo á reparación con carácter de urxencia das **beirarrúas da rúa Porriño e máis a mellora nas condicións do propio vial** nos arredores deste centro público de ensino secundario, **levando a cabo** unha actuación que como mínimo abrangue:

- Renovación das beirarrúas.
- Pintado do propio vial.
- Iluminación tanto vertical coma específica no paso de peóns.
- Sinalización horizontal no devandito paso.

Con respecto a este Centro, o Concelleiro di que coñece moi ben a problemática porque ademais é o centro onde el estudou e os accesos son moi mellorables. Di que xa se fixo algunha intervención na iluminación, pero que hai unha zona sobre todo que se pode mellorar, que habería que humanizala, e que o que vai facer e dar traslado disto ao Concelleiro de Fomento.

Acordo

Apróbase por unanimidade a moción sobre a contorna do IES Álvaro Cunqueiro.

3.10.- Moción de Iria Salvande Lorenzo, Conselleira polo sector usuarios/as,

22



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 22 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

representante da Foanpa, a través da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre a necesidade dun parque na estrada Clara Campoamor.

ANTECEDENTES:

Carencia de dotacións e humanizacións na contorna do CEIP Otero Pedrayo que poidan servizo a crianzas, mocidade e persoas maiores das parroquias de **Beade, Valadares, Matamá e Castrelos.**

TEXTO:


FOANPAS, en representación das nosas ANPAS federadas do **CEIP Otero Pedrayo, ANPA Lameira do CEIP Josefa Alonso e máis ANPA do CEP Igrexa-Valadares & EEI Monte do Alba**, insta ao Concello de Vigo á creación dun parque para crianzas, mocidade e maiores das parroquias de **Beade, Valadares, Matamá e Castrelos** (posto que o alumnado destes centros públicos reside na contorna) xa que non existe ningún coas nomeadas características fóra da zona centro de Vigo.

Desexamos que este proxecto estiver ubicado na Estrada Clara Campoamor, enfrente da gasoleira de Repsol, onde actualmente existen fincas non edificábeis (de propiedade privada). A modo de suxestión o devandito parque podería dispor dos elementos que deseguido relacionamos:

- Beirarrúas humanizadas (ata o Hospital Álvaro Cunqueiro) con farolas, papeleiras, fontes e máis bancos.
- Aparcadoiro para vehículos.
- Gran parque infantil con xogos adaptados a crianzas con mobilidade reducida.
- Cancha de baloncesto e campo de futbito.
- Parque para a mocidade con pista para patinaxe e bicicletas.
- Parque biosaudábel.
- Árbores que dean sombra ao ser unha zona moi descuberta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 23 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



O Concelleiro di que entende perfectamente a demanda, pero o terreo que propoñen é privado é facer unha actuación nun terreo privado é moi complicado. E a verdade é que este centro está nunha zona complexa, non hai moito espazo onde se poida actuar. Se ese terreo fose municipal, non habería moito problema, porque ademais os parques infantís, os biosaudables e as pistas polideportivas son unha das prioridades deste Alcalde. De feito no ano 2008 había sobre 30 e agora hai uns 130. A disposición sería total, pero na zona temos a complexidade do terreo. En canto á humanización di que entende a petición, porque as humanizacións son boas sempre e máis aínda no entorno dun centro, pero os accesos a este Centro en concreto teñen a súa complexidade, non hai moito espazo arredor del. En todo caso, esta moción chegaralle a Fomento, e tamén hai que ter en conta que somos un Concello dos que máis quilómetros de carreiras ten e as humanizacións vanse facendo pouco a pouco. En canto ao que piden de zona para aparcas, Gorka Gómez di que efectivamente neste centro, así como en outros da cidade, hai problemas de aparcamento para os pais no entorno dos centros. Di que por iso se estableceron este tipo de zonas nas que está prohibido estacionar e na que os pais poden parar só pa deixar aos rapaces e marchar. Pero aínda así, non é suficiente, pero iso é algo que é intrínseco ás cidades. Ao



mellor onde hai que traballar é fomentando outro tipo de mobilidade, propiciando que o alumnado chegue aos centros en bici, andando,... Di que ese debería ser o camiño, e xa hai centros que están fomentando que isto se faga. Hai moitos colexios do centro da cidade que os nenos que viven na zona chegan ao centro en coche, cando viven a cen metros, e iso é algo que deberíamos empezar a cambiar.

Acordo

Apróbase a moción sobre a necesidade dun parque na estrada Clara Campoamor con 12 votos a favor e 2 abstención.

5.- Preguntas e suxestións.

Santiago Rodríguez fai un rogo para insistir na necesidade do informe por parte do Concello para o cambio de nome do CEIP Virxe do Rocío por CEIP o Resío, que non parece de recibo que non se informe. É o topónimo do lugar e está recoñecido así pola Universidade e polo estudio de normalización do propio Concello de Vigo. Pregunta polas perspectivas de efectivo traslado da EI Santa Marta agora que xa estamos máis cerca do novo curso, se hai datas máis concretas. O Presidente explica que xa se enviou o proxecto á Xunta e que se está iniciando o proceso de licitación e logo as obras terán un período de execución de tres ou catro meses. A licitación, se vai todo ben tamén levará uns tres ou catro meses. Non poden por tanto dar un prazo pero vaise intentar que sexa o máis breve posible. Os nenos iniciarán o curso en setembro na súa escola e estarán alí ata que a obra estea rematada.

Yolanda González pregunta pola Biblioteca de Teis, que se levan mandado escritos e non hai resposta algunha. Gorka Gómez comenta que lle pasarán nota ao Concelleiro de Cultura xa que é algo que depende deles.

Bertila Fernández di que quere facer unha breve reflexión e volver a insistir sobre o alumnado NEAE. Quere resaltar o labor do profesorado con este alumnado, a gran implicación no día a día, sobre todo en Ed. Primaria, xa que en Ed. Secundaria, xa é máis complicado. Lembra que se durante o confinamento a atención domiciliaria funcionou foi grazas ao profesorado, non porque a Administración puxera máis medios. Quere recalcar o abandono institucional. Di que durante moitos anos se avanzou na educación inclusiva e que agora hai un parón. Son moitos os centros que non contan con especialistas, con instalacións adaptadas, con medios,... e é moi triste cando as familias che narran o seu día a día. A peregrinaxe á Xefatura Territorial para pedir que adapten un aula, para que poñan un apoio, unha coidadora,... é como facer mendicidade. Os dereitos están recoñecidos pero á hora da verdade plasmalos costa moitísimo. Pide que non esquezan que non se están a garantir os seus dereitos. Santiago Rodríguez di que de cara ao próximo curso se está a traballar na planificación como se estiveramos na situación anterior á pandemia. Volverán a



ter ratios de 30 e en bacharelato aínda máis, a pesar de que non estea claro que a situación sanitaria sexa mellor. E xa aproveita, como profesor e representante da CIG Ensino, para dar as grazas polos agradecementos públicos que se fixeron ao profesorado neste Pleno. Egoitz Fai dous rogos. O primeiro é que os representantes do alumnado teñen pensado para o curso que vén reunirse coa Concelleira de Mocidade, porque despois de ver a oferta que hai para mocidade, ven que é insuficiente, e pídenlle ao Concelleiro que os acompañe nesa xuntanza, como Presidente deste órgano. Gorka Gómez responde que por el non hai ningún problema e que se pode organizar esa xuntanza xa para o inicio do curso se queren. O segundo rogo é sobre o que se comentou da APP Vigo, na que queren incluír información para a mocidade. Di que iso está ben pero no que deberían investir primeiro as enerxías é en que a mocidade coñecera a existencia desta APP, xa que a el lle consta de que o alumnado non a usa. Gorka Gómez di que se fixeron campañas de comunicación desta ferramenta na prensa pero que ao mellor teñen que incidir máis neste punto e facer unha nova campaña.

O Presidente aproveita para agradecer novamente a toda a comunidade educativa o traballo que se fixo durante este curso tan duro, di que o esforzo de todos e todas fixo que se puidera desenvolver o curso case con normalidade é iso foi grazas ao esforzo feito.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 20:05h.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

O PRESIDENTE DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Gorka Gómez Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/12/2021 11:36	Páxina 26 de 26
24898-332	CSV: ADADA9-B8C65F-312FAH-PJAQDP-4KWE14-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		